

xurden, de temas de actualidade, etc. e inclúen unha serie de actividades nas que introducimos os obxectivos e contidos das áreas que nos interesan.

Un proxecto de escrita é unha secuencia de actividades que levan aos alumnos e alumnas a **escribir: a coñecer, valorar, comprender, familiarizarse e producir textos; diversos tipos de texto; diferentes e de diversa dificultade.**

TEXTOS (XÉNEROS TEXTUAIS OU DISCURSIVOS)

Este será un concepto clave para ben entender este xeito de encarar a aprendizaxe da expresión escrita. Efectivamente, o concepto de texto, de xénero textual, que repetiremos ao longo deste escrito é fundamental para organizar esta proposta didáctica.

Que é un texto?

Poderíamos definir un texto como unha **unidade de comunicación**. Unha palabra pode significar algo; un enunciado, unha oración poden ter sentido, pero a unidade mínima que serve para comunicarse é o que chamaremos texto.

Así, para definir un texto non importan as súas dimensións. Un texto pode estar formado por unha palabra (hola!), dúas (non quero!), ou mesmo varias ou moitas (unha carta, unha nova dun xornal, un post dun blog). Tamén pode ser moito máis longo (un conto, unha novela, o guión dunha película, etc).

Quizais o aspecto máis importante para definir un texto, ou un determinado xénero textual é a súa **relevancia social**, o contexto no que se usa. Os xéneros textuais son os textos que utilizamos, os textos que un determinado grupo social coñece e utiliza decote. Son as unidades de comunicación. Desde este punto de vista, **a competencia lingüística dunha persoa é a súa capacidade para comprender e producir os múltiples e variados xéneros textuais relevantes no seu contexto social.**

A COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Esta é unha das oito competencias básicas que conforman o esqueleto da educación primaria e secundaria. É unha competencia clave e está moi relacionada coa lectura e a expresión escrita. É tamén – así figura nos decretos de currículo – unha competencia plurilingüe (ou sexa que non depende da lingua que se use senón da capacidade de comunicarse nas diferentes linguas que cada persoa coñece e manexa).

A CCL consiste pois – para nós – na capacidade de comprender e manexar diferentes e variados textos. Podemos analizar un pouco máis os compoñentes desta capacidade:

- * **Habilidades cognitivo – lingüísticas** (estas son as diferentes habilidades que existen os diferentes contextos: definir, explicar, demostrar, traducir, resumir,

responder, preguntar, argumentar, etc. Teñen moito que ver coas diferentes áreas e materias)

- * **Estratexias comunicativas** (Ás veces tan importantes coma os outros factores. A competencia estratéxica ten que ver coa adecuación ao contexto)
- * **Coñecementos sobre os textos** (Fundamental. Existen infinidade de xéneros textuais. Teremos que poñer ao alumnado en contacto con moitos textos; diferentes e relevantes. Textos presentes na súa vida, na escola, na sociedade; e textos que serán importantes para eles/as no futuro. Máis adiante comentaremos un xeito posible de organizar isto)
- * **Actitudes** (ante as linguas, os/as falantes e ante a comunicación. Unha actitude favorable á diversidade, ao coñecemento e á comunicación mesma é tan importante como o coñecemento dos textos e o desenvolvemento de habilidades ou estratexias comunicativas específicas)

ESCRIBIR. SOBRE QUE?

Faremos múltiples referencias a un dos aspectos clave desta mirada sobre a lectura e a escrita nas aulas. Trátase de que as actividades de escrita deben ter SENTIDO para os alumnos. Proporemos a discusión sobre xéneros textuais como a “Redacción” ou o “traballo sobre...” que son exemplos moi evidentes de xéneros que so existen na escola, que non teñen sentido (máis alá de estar ao servizo dunha corrección e dun control pola nosa parte).

Para que un texto teña sentido debe ser verdadeiro, e – de ser posible – interesante (isto non é difícil). Nós propoñémosche que os textos que os nenos e as nenas teñan que escribir fomenten a súa creatividade. Que constitúan creacións propias. Para isto propoñemos tres vías fundamentais. Tres camiños para darlle sentido aos textos (aos proxectos de escrita):



1. Escribir textos de **creación artística** (literaria. Textos para crear beleza, expresarnos, coñecernos e disfrutar)
2. Escribir textos de **creación científica** (Textos para investigar e coñecer o mundo)
3. Escribir textos de **Acción social** (textos para exercer a nosa influencia no contexto social, para mellorar o mundo que nos rodea)

En calquera caso, sempre debemos intentar que o motivo da escrita sexa inclusivo, isto é, que non exclúa de antemán a ninguén. Hai temas nos que todos e todas poden expresarse – cadaquén ao seu nivel – e que son moi útiles para a atención á diversidade das aulas. Cando se trata de emocións, de expresión persoal, de curiosidade científica, de compromiso social, todos e todas temos algo que dicir (e/ou que escribir).

ESCRIBIR. O QUE?

Sen dúbida, unha das dificultades que podes atoparlle a esta proposta de traballo é a súa organización. Como decido que textos traballar? Cales son máis importantes? Que xéneros traballo en cada curso?

Velaí a nosa proposta de organización. Hai outras, mais esta é a que máis nos gusta. É de deseño propio. Como pretendemos que os textos que traballemos co alumnado nas aulas teñan sentido, pois dividimos os xéneros textuais en tres clases, dependendo da súa finalidade (un aspecto esencial e sempre necesario. **Os textos que traballemos teñen que ter unha finalidade, estar dirixidos a alguén e perseguir algún propósito**). En liña co punto anterior, os textos poderían ser:

1. Xéneros textuais que serven para expresar/se

Conforman o ámbito da arte, da literatura. Son os aforismos, refráns, cancións, poemas, relatos; tamén calquera outro xénero que utilicemos con esta **función estética, de disfrute, de expresión** (unha carta de amor, unha dedicatoria, unha felicitación, un lema...)

2. Xéneros textuais que serven para aprender/se

Este é o conxunto dos textos que fan posible a aprendizaxe nas diferentes áreas e materias do traxecto académico dos alumnos e alumnas (Un problema de matemáticas, un esquema para estudar coñecemento do medio, unha reportaxe, un informe científico, unha bibliografía, a elaboración dun exame, etc.) Textos que temos que ensinar para que o alumnado aprenda a escribilos. Son os máis esquecidos dos xéneros textuais. É moi habitual que os solicitemos pero non é tan frecuente que os ensinemos.

3. Xéneros textuais que serven para comunicar/se

Son os máis funcionais no ámbito social. Este grupo engloba os textos que utilizamos para transmitir información entre as persoas. Son os textos orais e escritos, tamén os multimedia que decote escoitamos, lemos e producimos (charlas, conversas, explicacións, cartas, e-mails, textos dixitais, anuncios, novas, etc.) Conforman a capacidade para actuar en sociedade. Son as ferramentas para a acción social, os medios para influir no mundo que nos rodea.

** Resulta imprescindible mencionar a crecente necesidade de ter en conta que son as tecnoloxías da información e comunicación TIC o vehículo fundamental, a canle propia destes textos. Esta realidade hai que introducila nas prácticas escolares. Así, cada vez máis, os alumnos e alumnas deberán ler e escribir con estas tecnoloxías se pretendemos que sexan, en verdade, competentes, pois ese será o formato no que teñan que desempeñarse na sociedade na que viven.*

** Esta taxonomía é unha posibilidade coma outras. Para nós ten unha vantaxe que consiste en que os tipos de texto están organizados en función da súa finalidade práctica. Este criterio, fronte a outros máis académicos ou lingüísticos, favorece que non perdamos de vista o sentido dos mesmos. Parécenos que pode resultar útil á hora de organizar unha programación (escoller textos dos tres grupos, diversos e de complexidade crecente ao longo dos cursos e ciclos)*

ESCRIBIR. COMO?

As actividades de expresión escrita precisan dun método, dun modelo de desenvolvemento dos textos. Neste punto temos que facer especial fincapé na necesidade de **substituír a corrección por procesos de mellora de borradores**. Procesos que vaian prestando atención secuencial aos diversos aspectos que se poñen de relevo ao longo da elaboración dun texto escrito.



O traballo con borradores proporciona ao alumnado a posibilidade de vivir a creación dun texto como un proceso de mellora, centrado na eficacia comunicativa do escrito. Ao profesorado dános a oportunidade de prestar atención aos diferentes aspectos (coherencia, cohesión, adecuación, corrección, etc.) nos diferentes momentos do proceso.

É unha proposta posible para que cada quen a modifique e a personalice como lle resulte máis convinte. Pensamos que, para traballar un determinado xénero textual co alumnado, deberíamos observar – ao menos – estas **tres fases**:

Fase I: de creación de ideas.

Esta primeira fase é o momento de pensar sobre para que e para quen é o escrito. Que pretendemos e que información queremos incluír. É un momento de elaboración de ideas. Para esta fase existen diversas ferramentas que axudan á creación de ideas (brain storming, técnica do diamante, diagramas...). É un momento ideal para traballar co alumnado aspectos como a coherencia textual, a adecuación, o contexto; é un tempo moi interesante para desenvolver no alumnado a súa capacidade de elaborar mapas de ideas, mapas mentais, esquemas, relacións conceptuais... recursos extremadamente valiosos para o seu desenvolvemento intelectual. Non é o momento da ortografía.

Fase II: de organización das ideas (estrutura)

Este é o momento de pensar xa na lingua, pero todavía no eido máis funcional. Centrado no/s interlocutores/as e na finalidade, na lexibilidade, no efecto, na cohesión textual e na coherencia. É o momento ideal para a reflexión lingüística (tempo para a sintaxe, para a morfoloxía e a semántica; tempo de parágrafos, de micro e macro estruturas, de conectores, deícticos, anáforas...). Este é un momento ideal para propoñer ao alumnado esquemas ou guías de escrita, axudas, apoios. En definitiva é o tempo de darlle ás ideas unha organización ideal para a finalidade que perseguen. Non é aínda tempo de ortografía.

Fase III: da forma

Velaí o momento último. Temos as ideas e as temos organizadas. Chega o tempo de atender á súa aparencia externa. Chega o momento de valorar a súa estética e a súa corrección

formal (que é de importancia extrema para que sexa funcional, para que cumpla a súa finalidade, ou sexa para que alguén o poida ler do xeito que nós pretendemos que o lea). Chega por fin o tempo da ortografía, tamén da tipografía, da presentación, do formato, das cores, etc. É este, en definitiva, o último banzo da elaboración do escrito, o tempo de pensar onde e cando vai ser ofrecido aos seus ou ás súas interlocutores/as e darlle a forma precisa e máis axeitada.

- * Se un **xénero é novo para o alumnado**, antes de que os nenos e as nenas o escriban, precisa dunha **presentación**. Convén facer unha lectura do mesmo prestando atención aos seus aspectos externos (formato, estrutura, partes nas que se divide, estilo, etc.) e tamén internos (léxico, tono, sintaxe, rexistro, etc.). Hai que ler e comprender tanto a súa superficie como en profundidade, unha lectura crítica. Isto faise mellor de xeito colectivo, modelado polo/a mestre/a.
- * Desde a nosa experiencia, as actividades de comprensión e de produción de textos resultan **mellor se son colaborativas**, ben con todo o grupo ou en pequenos grupos ou parellas. A avaliación dos escritos gaña coa valoración entre iguais. A lectura dos textos entre compañeiras/os axuda a percatarse das eivas e das melloras posibles, enriquecendo o proceso de escrita. Sempre que sexa posible fai estas actividades colaborativas.

ESCRIBIR. CANDO?

Pois iso. Con estes programas que temos. Estes libros que non conseguimos rematar. Cando facemos estas actividades? Cando poñemos aos alumnos e alumnas a escribir?

A primeira recomendación sería que revises os criterios de avaliación da túa área ou materia. Aí poderás observar que a meirande parte dos contidos que adoitamos considerar como necesarios non son máis que convencións que se teñen asumido de xeito tradicional pero que non aparecen en ningures na documentación legal. Os criterios de avaliación vixentes fan referencia a habilidades e capacidades que **SO SE CONSEGUEN COA PRÁCTICA. O teu alumnado precisa escribir para aprender a escribir.**

As propostas deste escrito poden servir para ir incorporando actividades de escritura aos poucos, porque os cambios hai que facelos así, aos poucos, para que resulten eficaces.

Poderías empezar por probar algunha vez. Adícalle algunha sesión a un proxecto de escrita. Trata de que teña sentido, destinatarios/as, finalidade práctica, contexto. Traballa os borradores. Intenta que algún destes escritos teña repercusión fóra da aula. Avalía o proceso, non tanto o resultado. Utiliza un cartafol para a avaliación.



Un pouco máis atrevida (e máis interesante) sería a proposta de escoller unha das dúas linguas oficiais da comunidade (galego ou castelán) e adicarlle o seu horario ao voso obradoiro de escrita (múltiples e variados xéneros textuais ao longo do curso). Na outra lingua poderíades manter o libro de texto e as habituais clases de lingua. Os contidos son os

mesmos e quedan cubertos. Podes alternar as linguas durante o ciclo, ou (se o acordades no centro) nos distintos ciclos/cursos.

Máis alá irías se prescindes totalmente da visión tradicional de traballo das linguas e adicas o tempo a ler e escribir (e reflexionar sobre o que len e escriben os alumnos e alumnas) e vencellas o traballo lector e escritor ao estudo e aprendizaxe dos grandes temas científicos, humanísticos, sociais e artísticos. Esta é a proposta máis radical, e a máis atractiva tamén.

Sexa cal sexa a túa elección, non deixes de intentar incorporar algunha ocasión para que os teus alumnos e alumnas escriban TEXTOS. Textos diferentes, variados, socialmente relevantes. Que escriban en galego, tamén en castelán, e non esquezas facerlle saber que textos estades traballando ao profesorado de linguas estranxeiras para que poidan tirar partido deste manexo dos textos na aprendizaxe do inglés ou francés.

E recorda o que dicía Dewey, o gran renovador da escola americana:

A escola non é unha preparación para a vida. A escola é a mesma vida.

E dicía tamén:

***The process and the goal of education are one and the same thing.
Ou sexa que o proceso e o produto en educación son unha mesma cousa.***

Por este motivo, compañeira/o, disfruta das creacións do teu alumnado, acolle os seus erros como pasos dun camiño, comparte cos nenos e nenas asuntos que sexan interesantes para eles pero tamén para ti, fálalles moito, permítelles falar e fai que escriban (ou deixalles escribir. Verás que non precisas de moita insistencia) e – sobre todo – escribe ti tamén. Tes o privilexio de ser mestra/e. Disfrútao.

Isto foi todo. Grazas pola túa participación. Agardamos que esta actividade sexa de proveito para a túa formación.

Juan Ávila
Román Cerqueiro
Pacodiaz

Obradoiro Básico de Lectoescritura dixital. Platega 2012